



DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución idioma 2, II: Francés-Galego

Materia	Tradución idioma 2, II: Francés-Galego			
Código	V01G230V01508			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Fernández Rodríguez, Áurea			
Profesorado	Fernández Rodríguez, Áurea Luna Alonso, Ana Marta Rodríguez, Valentina			
Correo-e	aurea@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	<p>A materia ten como obxectivos:</p> <p>a) afondar nos procedementos e técnicas da tradución aprendidas na materia de Tradución Idioma 2, I e analizar as dificultades que presenta o texto de partida.</p> <p>b) mellorar as competencias de tradución cara á lingua I de diversos tipos de textos non especializados redactados no idioma II, amosando a capacidade de comprensión do idioma II e a de expresión na lingua I adquiridas na materia de Tradución Idioma 2, I.</p>			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
C22	Destrezas de tradución
D4	Resolución de problemas
D6	Capacidade de xestión da información
D8	Compromiso ético e deontolóxico
D12	Traballo en equipo
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

COMPETENCIA COMUNICATIVA E CULTURAL: comprender textos redactados na lingua de partida (en francés).	A2 A3 A4	C3 C4 C13	D4 D6 D8 D22
COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: ter un bo dominio das dúas linguas de traballo (francés-galego) tanto a nivel sintáctico, gramatical, morfolóxico, lexicolóxico, terminolóxico e fraseolóxico.	A1 A2	C3 C4	D6 D8
SUBCOMPETENCIAS: coñecer tanto as diferenzas como as similitudes dos dous sistemas lingüísticos.	A3 A4	C13	D22
COMPETENCIA TEXTUAL: afondar na estrutura e os principios organizadores dun texto.	A1	C3	D6
SUBCOMPETENCIAS: mellorar o coñecemento de diferentes tipos de textos e as súas características para traballar as competencias propias a cada fase do proceso de tradución.	A2 A4	C13	D12 D22
COMPETENCIA TRADÜTORA: afianzar as diferentes competencias adquiridas en Trad. Idioma 2,I necesarias para traducir textos de diferente temática e características en francés.	A1 A2	C3 C4	D4 D8
SUBCOMPETENCIAS: analizar os diferentes textos con vistas á súa tradución. Afianzar as técnicas e estratexias de tradución. Aprender a detectar os problemas de tradución e reflexionar sobre as distintas técnicas e estratexias de tradución que permiten resolvelos. Traducir textos non especializados. Mellorar o traballo con textos paralelos. Mellorar o manexo das ferramentas básicas de tradución (procesadores de texto, Internet: dicionarios en liña...). Comprender o papel do tradutor como mediador intercultural. Revisar as normas de revisión, corrección e presentación de traducións. Afondar no coñecemento do mercado laboral. Mellorar as habilidades de traballo en equipo e adquirir un compromiso ético e deontolóxico.	A3 A4 A5	C22	D22

Contidos

Tema	
1. Competencias, recursos e procedementos de tradución (I)	1.1 Análise de cada texto para a súa tradución 1.2 Documentación 1.3 Tradución 1.4 Revisión e corrección
2. Dicionarios e fontes de documentación (I)	2.1 Fontes de documentación en formato papel 2.2 Fontes de documentación en rede 2.3 Localización de textos paralelos e outros recursos
3. Exercicios prácticos de tradución	3.1 Tradución de textos non especializados 3.2 Detección do tipo de problema, descrición, reflexión e resolución 3.3. Revisión de erros
4. O mercado da tradución de textos en francés cara ao galego idioma II: textos de distintos tipos	4.1 Presentación e descrición dos textos traducidos en galego desde o francés. Características e especificidade de cada texto: páxinas web e outros 4.2 O tradutor no seu contexto 4.3 Ética e responsabilidade do tradutor

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	6	6	12
Seminario	2	2	4
Traballo tutelado	2	30	32
Resolución de problemas e/ou exercicios	32	56	88
Exame oral	2	4	6
Práctica de laboratorio	2	4	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación da programación, explicando polo miúdo os contidos, os traballos que hai que realizar e as lecturas obrigatorias do curso, así como o sistema de avaliación.
Lección maxistral	Exposición por parte da docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices do traballo, exercicios ou proxecto que deberá desenvolver o estudiantado.
Seminario	Para contribuír a enriquecer a formación teórico metodolóxica, o alumnado deberá indagar sobre un tema determinado relacionado coa tradución ou/e a tradutoloxía e expoñer os resultados diante do resto dos/das compañeiros/as. Con estas actividades preténdese facilitar a organización dos procesos de coñecemento de modo dinámico, mediante estratexias de participación e traballo en equipo. Trátase dunha actividade que se centra na docencia-aprendizaxe.

Traballo tutelado	O alumnado realizará individualmente e fóra da aula encomendas de tradución que reproducen situacións reais da actividade profesional. Deberá realizar lecturas para preparar os comentarios que xustifiquen as propostas de tradución e a resolución de problemas. Trátase, polo tanto, de amosar que se saben aplicar os coñecementos e habilidades adquiridos durante os traballos de aula e a teoría achegada.
-------------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	As actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais ou en titorías, preferentemente con cita previa. Para o seguimento do curso utilizarase a plataforma así como as aplicacións do Campus Remoto da Universidade de Vigo.
Seminario	As actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais ou en titorías, preferentemente con cita previa. Para o seguimento do curso utilizarase a plataforma , así como as aplicacións do Campus Remoto da Universidade de Vigo.
Probas	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	As actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais ou en titorías, preferentemente con cita previa. Para o seguimento do curso utilizarase a plataforma, así como as aplicacións do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Lección maxistral	O alumnado terá que realizar lecturas para preparar os comentarios que xustifiquen as propostas de tradución e revisión e a resolución de problemas. Estas lecturas avaliaranse nas distintas probas que se describen nos seguintes subapartados. A avaliación das sesións maxistras permitirá coñecer a competencia acadada polo alumnado no referente aos conceptos teóricos da materia.	0	A3	C4 C13 C22	D6 D8
Traballo tutelado	Para contribuír a enriquecer a formación teórico metodolóxica, o alumnado deberá indagar sobre un tema determinado relacionado coa tradución ou/e a tradutoloxía e expoñer os resultados diante do resto dos/das compañeiros/as.	15	A3 A4	C3	D4 D6
Resolución de problemas e/ou exercicios	Neste apartado avaliaranse as traducións previamente preparadas fóra da aula e os exercicios relacionados coa competencia lingüística e tradutora. Poderán ser exercicios que traten dificultades de tradución, análises de tradución... Terase en conta a calidade lingüística dos textos producidos polo alumnado. Estes traballos consistirán en traducións previamente preparadas que se corruxirán na aula. Para efectos de avaliación terase en conta a participación activa na aula e será obrigatoria a entrega de TODAS as traducións revisadas con control de cambios. Entregaranse revisadas en formato papel e na plataforma debidamente identificadas para a súa corrección e avaliación definitiva: APELLIDOS+NOME+NOME DO DOCUMENTO	30	A1 A2 A3 A4	C4 C13	D12
Exame oral	Para avaliar a lectura da obra obrigatoria, realizarase unha PROBA ORAL na aula ao final das clases do 1º cuatrimestre ou coa proba EXAME2 (data oficial web FFT). Teranse en conta as competencias de comprensión e de expresión (fonética e comunicación)	10	A2 A3	C3 C4 C13	D6 D22

Práctica de laboratorio	EXAME1. O alumnado recibirá unha encomenda para traducir de maneira autónoma na aula e en tempo controlado o penúltimo día do 1º cuadrimestre. Esa tradución ou 1º exame (10%) entregarase e revisarase na aula o último día como preparación para o 2º exame (VER data oficial web FFT) que se realizará na aula.	45	A1 A2 A3 A4	C3 C4 C22	D22
	EXAME2 O segundo exame será unha encomenda que o alumnado deberá traducir de maneira autónoma na aula e en tempo controlado (Ver data oficial na páxina web da FFT) cun comentario dalgún problema de tradución concreto (30%+5%)				
	NOTA 1: Poderase usar documentación en papel e telemática.				
	NOTA 2: Para o alumnado NON ASISTENTE véxase o apartado. OUTROS COMENTARIOS SOBRE A AVALIACIÓN.				

Outros comentarios sobre a Avaliación

O plaxio ou uso de tradutor automático serán motivo de suspenso. Non se admiten máis de 2 falsos sentidos. Non se admiten máis de 2 faltas graves de gramática ou ortografía.

Será necesario aprobar cada unha das subpartes descritas no apartado de AVALIACIÓN (mínimo 5/10) para realizar media de conxunto.

O alumnado deberá entregar os exercicios e traducións na plataforma nos prazos marcados polas profesoras. O alumnado que non respecte os prazos será avaliado (en avaliación única) mediante as probas que se describen máis abaixo.

O alumnado que se acolla á avaliación continua e obteña unha cualificación de suspenso deberá presentarse á segunda edición de actas (xullo-data oficial publicada na web da FFT).

Especifícanse a continuación as condicións:

A. 1ª EDICIÓN DE ACTAS (AVALIACIÓN ÚNICA)

1. Proba oral sobre as lecturas e artigos do curso (25% da nota) que se fixará o día da proba na aula con tempo limitado. Ver data oficial publicada na web da FFT
2. Encomenda-Tradución comentada na aula con tempo limitado (2 h): 50% (tradución)+ 25% (comentario). Poderase usar documentación en papel e telemática. Ver data oficial publicada na web da FFT

B. 2ª EDICIÓN DE ACTAS (XULLO)

1. Proba oral sobre as lecturas e artigos do curso (25% da nota) que se fixará o día da proba con tempo limitado na aula. Ver data oficial publicada na web da FFT
2. Unha tradución comentada na aula con tempo limitado (2 h): 50% (tradución)+ 25% (comentario). Poderase usar documentación en papel e telemática. Ver data oficial publicada na web da FFT

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Solo un libro para lectura obligatoria,

HURTADO ALBIR, Amparo, **Traducción y traductología**, 1ª- 12ª,, Cátedra, 2001, 2021

Bibliografía Complementaria

FOLCH-RIBAS, Jacques, **Paco**, Montréal : Éditions Boréal., 2011

ROUY, Maryse, **L'insolite coureur des bois.**, Éditions Hurtubise inc. France - D.N.M., 2003

FOLCH-RIBAS, Jacques, **Les pélicans de Géorgie : roman**, [Montréal] : Boréal., 2008

LÉVY, Marc, **Les Enfants de la liberté**, Paris : Robert Laffont., 2007

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 2, III: Francés-Galego/V01G230V01611

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Ferramentas para a tradución e a interpretación III: Terminoloxía/V01G230V01518

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Tradución idioma 2, I: Francés-Galego/V01G230V01411
